



A Responsabilidade Social Empresarial nas Empresas TIC de Galicia

Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2017



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

•	I. RSE en Galicia	4
	• Coñecemento de Responsabilidade Social Empresarial.....	5
	• Concepto da Responsabilidade Social Empresarial.....	9
•	II. Actuacións de RSE: integración da RSE na xestión.....	13
	• Implantación de programas RSE no lugar de traballo.....	14
	• Implantación de programas RSE no mercado: cliente, consumidor, Administración.....	20
	• Implantación de programas RSE no mercado: provedores.....	26
•	Conclusiones.....	32
•	Ficha técnica.....	33

I. RSE en Galicia

Aproximadamente, **7 de cada 10** empresas TIC de Galicia **coñecen** o termo RSE



Coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial


A porcentaxe de empresas TIC de Galicia que coñecen o termo RSE e ademais saben o que significa, sitúase nun 41,7%, o que supón un incremento de 7,3 puntos porcentuais respecto ao ano 2014.

De maneira global, practicamente 7 de cada 10 empresas coñecen o termo RSE, o que supón unha redución do descoñecemento do termo de 7,8 puntos porcentuais respecto ao último ano analizado.

Aproximadamente, **7 de cada 10** empresas TIC de Galicia **coñecen** o termo RSE

Evolución do nivel de coñecemento da RSE

Coñece que é a Responsabilidade Social Empresarial?




Sector de actividade mostral

O coñecemento do termo RSE é superior ao 50% en calquera das actividades, que conforman o sector TIC.

Destaca o nivel de coñecemento acadado nas empresas adicadas a actividades informáticas, cun 72,6%.

Máis da metade das empresas TIC galegas, con **independencia do seu sector**, coñecen o termo RSE

Nivel de coñecemento da RSE segundo o sector de actividade




Número de empregados/as

O tamaño das empresas, en función do número de empregados/as, afecta ao coñecemento do termo RSE, deste xeito, a totalidade de empresas TIC con máis de 50 asalariados/as coñecen o concepto de RSE.

Pola contra, as empresas TIC cun menor número de empregados, contan cunha menor porcentaxe de coñecemento (37,8%), aínda que mellora respecto a ao ano 2014 (44% de descoñecemento)

A medida que **aumenta o número de empregados/as** incrementábase o coñecemento da RSE

Nivel de coñecemento da RSE segundo o número de empregados/as




Provincias

As empresas situadas na provincia de Lugo acadan a maior porcentaxe de coñecemento de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia, concretamente o 82,2%; seguida da provincia de Pontevedra, onde o coñecemento global é de 66,9%.

As empresas TIC da provincia de Lugo son as que acadan unha maior porcentaxe de coñecemento do termo RSE

Nivel de coñecemento da RSE segundo a provincia



Concepto da Responsabilidade Social Empresarial

A maioría das empresas TIC galegas consideran que dentro da definición de Responsabilidade Social Empresarial atópanse as seguintes acepcións:

- Compromiso ante a sociedade → 97,6%
- Ética e transparencia en xeral → 97,5%
- Responsabilidade con traballadores/as → 96,3%

A RSE caracterízase polo **compromiso** ante a sociedade, a **transparencia** e a **responsabilidade** cos traballadores/as

Base: Empresas TIC que coñecen a RSE

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2014 e 2016. OSIMGA

Nivel de claridade de RSE


Que é a RSE?

Indique se está de acordo ou non coas seguintes definicións



Sector de actividade mostral

Concepto da RSE segundo o sector de actividade




Base: Empresas TIC que coñecen a RSE

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2016. OSIMGA

Número de empregados/as

Concepto da RSE segundo o número de empregados/as



Base: Empresas TIC que coñecen a RSE

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2016. OSIMGA

Provincias

Concepto da RSE segundo a provincia



Base: Empresas TIC que coñecen a RSE

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2016. OSIMGA

II. Actuacións de RSE: Integración na Xestión

Políticas da RSE máis estendidas:

No lugar de traballo: seguridade e hixiene no traballo

No ámbito mercantil: información e asesoramento ao cliente sobre o produto ou servizo

Cos provedores: favorecer canles de diálogo



Implantación RSE no lugar de traballo

1. ACTUACIÓN NO LUGAR DE TRABALLO

Cada empresa integra a RSE na súa empresa na modalidade que máis se adapte á súa política empresarial.

As políticas dedicadas á seguridade e hixiene no traballo (54,7%), conciliación familiar (43,9%) e formación e capacitación dos empregados/as (37,1%), son as que contan cun maior éxito dentro das empresas TIC galegas.

A política RSE cunha **maior presenza** no lugar de traballo das empresas TIC galegas son as de **seguridade e hixiene no traballo**

Nivel de actuación no lugar de traballo


Indique por favor se realiza ou ten previsto realizar algunhas destas actuacións



Evolución da implantación RSE no lugar de traballo


A totalidade de políticas de RSE analizadas incrementaron a súa presenza na empresa TIC galega, destacando o incremento nas Políticas de conciliación laboral e familiar, concretamente 11,9 puntos porcentuais respecto ao ano 2014.

No 2016 **incrementouse**
notablemente a presenza de
políticas de RSE nas empresas




Principais actuacións realizadas


Políticas de seguridade e hixiene no traballo



Políticas de conciliación laboral e familiar




Políticas de formación e capacitación



■ Faino actualmente ■ Previsto a curto prazo ■ Previsto a longo prazo ■ Non o ten previsto


Nivel de actuación no lugar de traballo segundo o sector de actividade mostral

As empresas do sector Manufactureiro TIC son as que contan cunha maior implantación de políticas de RSE no traballo.




Nivel de actuación no lugar de traballo segundo o número de empregados/as

O número de asalariados/as afecta de maneira positiva á integración de políticas de RSE na empresa, incrementándose de xeito proporcional ao aumento do número de empregados/as.



Nivel de actuación no lugar de traballo segundo a provincia

As empresas situadas fóra do territorio galego acadan unhas porcentaxes superiores en canto á integración de políticas de RSE. Dentro da Comunidade Galega, Ourense e Pontevedra son as provincias cunha porcentaxe maior de integración de RSE nas súas empresas.



Implantación de programas RSE no mercado: cliente, consumidor, Administración

2. ACTUACIÓN NO MERCADO


Atendendo agora ao nivel de actuación de políticas de RSE no ámbito mercantil, de cara ao cliente, ao consumidor e á Administración, as políticas de información e asesoramento ao cliente sobre o produto ou servizo son a actuación máis estendida, acadando un 72,5% de empresas TIC galegas na actualidade.

En xeral, as actuacións no ámbito mercantil contan cunha maior integración que as súas homólogas no lugar de traballo.

As **actuacións de RSE no mercado** contan cunha **maior integración** nas empresas que as orientadas ao lugar de traballo

Nivel de actuación no mercado

Indique por favor se realiza ou ten previsto realizar algunhas destas actuacións




■ Faino actualmente ■ Previsto a curto prazo

Evolución da implantación RSE no mercado


Centrando a análise na implantación de medidas de RSE relacionadas co ámbito mercantil, repítese a tendencia xeral de incremento na porcentaxe de integración deste tipo de políticas.

Aumento xeralizado de todas as actuacións de RSE relacionadas co mercado




Principais actuacións realizadas


Políticas de información e asesoramento ao cliente sobre o produto ou servizo



Sistema de recollida e reciclaxe de produtos usados, obsoletos ou defectuosos




Sistema de atención e diálogo co consumidor



■ Faino actualmente ■ Previsto a curto prazo ■ Previsto a longo prazo ■ Non o ten previsto


Nivel de actuación no mercado segundo sector da actividade mostral

- As políticas de RSE que contan cunha maior integración nas empresas son as referidas a información e asesoramento ao cliente sobre o produto e servizo, destacando as entidades que se dedican a outros servizos e as empresas manufactureiras TIC.




Nivel de actuación no mercado segundo o número de empregados/as

- Unha vez máis, as empresas de máis de 50 empregados/as son as que acadan unha porcentaxe máis elevada de implantación das políticas de RSE no mercado.



Nivel de actuación no mercado segundo a provincia

- Das catro provincias galegas, Pontevedra é a que conta cunha maior porcentaxe de empresas que realizan actuacións de RSE no ámbito do mercado. Non obstante, continúan a ser as empresas con sede fóra de Galicia as que contan cunha maior integración destas políticas.
- As maiores diferenzas entre as empresas autonómicas e as situadas fóra do territorio nacional as atopamos en actuacións como “Políticas éticas de marketing” e “Sistema de atención e diálogo co consumidor”.



Implantación de programas RSE no mercado: Proveedores

3. ACTUACIÓN NO MERCADO


As actuacións de RSE no ámbito mercantil especializadas en provedores son as que contan cunhas porcentaxes de integración máis baixa en termos globais.

Son destacables as actuacións destinadas a favorecer canles de diálogo cos provedores e a fixación de prazos de pago que permitan aos provedores manter a súa viabilidade económica.

Favorecer canles de diálogo é unha **prioridade** para as empresas no ámbito de RSE cos provedores

Nivel de actuación no mercado


Indique por favor se realiza ou ten previsto realizar algunhas destas actuacións



Evolución da implantación RSE no mercado


As políticas de RSE no ámbito mercantil dos provedores amosan un aumento en todas as actuacións estudadas, agás nos compromisos para a redución de residuos e materia de embalaxe.

De maneira global as **relacións cos provedores** están a experimentar **melloras grazas ás políticas de RSE** implantadas nas empresas.




Principais actuacións realizadas


Favorecer canles de diálogo cos provedores



Fixación de prazos de pago cos provedores



Establecemento dun código de conducta




■ Faino actualmente ■ Previsto a curto prazo ■ Previsto a longo prazo ■ Non o ten previsto

Nivel de actuación no mercado segundo sector da actividade mostrada

As empresas especializadas en Telecomunicacións acadan maiores porcentaxes de integración de medidas de RSE no mercado no ámbito dos provedores.


Favorecer as canles de diálogo é a política de RSE no mercado de provedores que conta cunha maior integración nas empresas, destacando que o 75,8% das empresas de telecomunicacións galegas aplican esta medida na súa empresa.



Nivel de actuación no mercado segundo o número de empregados/as


O tamaño da empresa afecta, unha vez máis, e de maneira directamente proporcional, á inserción de medidas de RSE, neste caso, no ámbito dos provedores.

Destaca o gran compromiso por parte das empresas, con independencia do seu tamaño, no propósito de favorecer canles de diálogo cos provedores e fixación de prazos de pago para favorecerelos.



Nivel de actuación no mercado segundo a provincia

Entre as catro provincias galegas Ourense é a que acadou unha maior porcentaxe de empresas que contan con políticas de RSE aplicada aos seus provedores.



Conclusións

- Incremento xeralizado en todo o ámbito RSE respecto ao ano 2014
- Os datos no 2016 indican que aproximadamente 7 de cada 10 empresas TIC galegas coñecen o termo RSE
- Máis da metade das empresas TIC galegas, con independencia do seu sector, coñecen o termo RSE.
- As empresas TIC galegas caracterizan a RSE polo seu compromiso ante a sociedade, transparencia e responsabilidade cos traballadores/as
- A medida que aumenta o número de traballadores/as incrementase o coñecemento da RSE.
- A política de RSE cunha maior presenza no lugar de traballo é a referida á seguridade e hixiene no traballo
- As políticas de seguridade e hixiene no traballo son desenvolvidas por máis da metade das empresas galegas adicadas ao sector TIC.
- Nas RSE no ámbito mercantil, as políticas de información e asesoramento ao cliente sobre o produto ou servizo, son a actuación máis estendida
- No caso das políticas de RSE mercantís enfocadas aos provedores, potenciar as canles de diálogo con estes é unha prioridade para as empresas TIC galegas.
- As empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven a súa actividade en Galicia acadan unhas porcentaxes superiores en canto á integración de políticas de RSE.

FICHA TÉCNICA

Ámbito xeográfico: Galicia

Universo: sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos clasificatorios (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada vía web conremisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Tamaño da mostra: 440 entrevistas a empresas do sector TIC.

Afixación: Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.

Erro mostral: Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,17\%$.

Traballo de campo: do 12 de abril ao 26 de xuño de 2016.

